



**ANEXO A PROGRAMACIÓN:**

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO:** CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA A CORUÑA  
**CURSO:** TODOS  
**MATERIA:**Clave  
**DEPARTAMENTO:** Instrumentos antigos  
**DATA:** 8 Mayo 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Mínimos esixibles.**
- 2. Procedementos de avaliación e cualificación.**
- 3. Criterios de cualificación.**
- 4. Instrumentos de avaliación.**
- 5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**
- 6. Información e publicidade.**

## **1. Mínimos Esixibles**

Os mínimos exixibles son os especificados na programación oficial da asignatura hasta a segunda avaliación. Neste link poderá verse cada curso en concreto.

[http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programación\\_Clave\\_19-20.pdf](http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programación_Clave_19-20.pdf)

Os mínimos da terceira avaliación que non sexan acadados neste curso serán traballados durante o curso 2020-2021.

## **2. Procedementos de avaliación e cualificación.**

O procedemento de avaliación dos alumnos , tal e como dicta a programación, centrarase no seguemento semanal do seu traballo, e por elo, da súa mellora.

Neste caso o seguemento foi só ate a segunda avaliación e con esta proba se dará ós alumnos suspensos ate a situación de emerxencia a posibilidade de acadar os contidos e obxetivos non acadados na dita segunda avaliación.

## **3. Criterios de cualificación**

O traballo realizado durante o estado de alarma, e supervisado polo profesor, por medio telemático, servirá para confirmar a cualificación outorgada pola segunda avaliación, ou mesmo incrementa-la, cando sexa o caso, sempre que o titor considere que o aproveitamento e esforzo demostrados merecen conferir unha cualificación máis alta. Para este caso, a cualificación poderá ser incrementada ata dous puntos, como máximo.

## **4. Instrumentos de Avaliación.**

O instrumento de avaliación será o mesmo que o utilizado durante todo este período de tempo para as clases durante a situación de emerxencia: O WhatsApp.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 3	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

## **5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso).**

Actividades de Recuperación: Todo aquel alumnado que non pudo ser avaliado de maneira continua, será convocado polo profesor á realización dunha proba, mediante a canle telemática utilizada durante o terceiro trimestre, a fin de acreditar que ten acadados os contidos mínimos para o segundo trimestre, en consonancia cos criterios de avaliación correspondentes á segunda avaliación, para o curso no que se atope. Ditas probas, que serán telemáticas, se levarán a cabo entre os días 25 e 27 de Maio.

Reforzo e repaso: O labor do profesor ó longo deste terceiro trimestre, será primordialmente propedéutico e titorial, facendo fincapé na mellora, consolidación, e perfeccionamento dos contidos traballados polo alumno ata o fin da segunda avaliación. Como titor, fomentará o desenvolvemento de hábitos como a constancia, así como o espírito de superación, que son virtudes fundamentais para a aprendizaxe e práctica das artes da interpretación musical, como é o caso para a especialidade instrumental de piano.

.- Os contidos previstos para o terceiro trimestre 2020, pasarán á programación do vindeiro curso, mediante a adaptación curricular oportuna.

## **6. Información e publicidade**

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 3	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------